

INSTRUCCIÓN PARA O USO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO E ACCESO AO DOCUMENTO

Mediante este servizo, os membros da universidade, así coma todas as persoas autorizadas, poden solicitar os documentos que precisen e que non estean dispoñibles na nosa Biblioteca Universitaria. Se o que lle interesa é un documento que se atopa nalgunha das bibliotecas ou salas de lectura da universidade, terá que utilizar o servizo de préstamo e circulación.

A obtención de documentos pódese facer mediante préstamo interbibliotecario ou fotodocumentación:

- Préstamo interbibliotecario: documentos orixinais en calquera soporte (papel, microforma, CD-ROM, etc.). Normalmente, están excluídas de préstamo:
 - as obras anteriores a 1958
 - as obras de referencia (enciclopedias, dicionarios, atlas, bibliografías etc.)
 - as publicacións periódicas (xornais, revistas)
 - as teses de doutoramento e licenciatura e outros traballos de fin de carreira
 - os materiais especiais.

Os libros electrónicos sempre están excluídos do préstamo interbibliotecario.

- Fotodocumentación: reproducións dos seguintes documentos:
 - artigos de revistas e outras publicacións periódicas
 - capítulos de monografías ou *proceedings*
 - *papers*
 - en xeral, todas as obras excluídas de préstamo (agás os libros electrónicos)

Normas xerais

Non se poden pedir documentos que estean nos fondos da biblioteca universitaria. Este servizo ten un custo, polo que é moi importante a comprobación previa no [catálogo](#).

Non se tramitarán solicitudes de documentos que tiveran claramente outra finalidade que non for o estudo, a docencia ou a investigación. Tampouco aqueles que fosen de fácil adquisición.

As peticións fánse mediante o [formulario electrónico](#). É necesario [darse de alta](#) no sistema previamente.

O prazo de recepción dos documentos solicitados é variable; a media é dez días. Os documentos solicitados recibiranse na Sección de Acceso ao Documento. As fotocopias seranlle enviadas ao solicitante por correo electrónico ou correo

interno. Se a solicitude é ao cargo do solicitante terá que recollelas, previo pago, nas bibliotecas depositarias. Os documentos orixinais recibidos en préstamo terán que ser consultados nas bibliotecas depositarias, xa que están excluídos do préstamo a domicilio. Os solicitantes recibirán por correo electrónico os avisos de chegada dos documentos e, no seu caso, do custo.

As bibliotecas depositarias son:

- Biblioteca central de Vigo
- Bibliotecas centrais dos campus de Ourense e Pontevedra
- Biblioteca de Torrecedeira

O tempo de consulta das obras recibidas en préstamo interbibliotecario virá marcado polo que indique a biblioteca prestataria, habitualmente será duns 30 días. En ocasións será posible unha prórroga, que deberá solicitar con tempo suficiente (uns sete días antes de rematar o prazo de préstamo). A biblioteca subministradora poderá reclamar a devolución dos libros en calquera momento polo que é conveniente consultalos o antes posible.